



APPS CON IA EN CANVA - II

Imos practicar outras opcións IA que nos ofrece Canva.




Estamos nun novo deseño, e no panel da esquerda na opción “Apps” mostraranos un listado coas aplicacións que incorporou novas Canva para traballar con IA. Citaremos algunhas delas:





Hello QArt → xera códigos QR a partir dunha descrición (dános 5 tokens por día)






Murf AI → converte o texto que lle escribamos a un audio que logo se pode incorporar á nosa presentación (temos 9 minutos de audio gratuito).



Multimedia mágico: xera imaxes a partir da descrición dada e baixo o estilo seleccionado (Ten 490 créditos que se poden actualizar despois de certo tempo)



Mojo AI: ofrece servicios impulsados por inteligencia artificial como Texto a Imaxe, Código QR, baixo diferentes estilos (empezamos con 75 tokens). A continuación un exemplo dunha imaxe e dun código QR



SoundDraw: xera música









Image : xera imaxes moi realistas a partires da descrición proporcionada.




Dalle: Permite xerar imaxes para poder ser integradas de forma inmediata no teu proxecto Canva.

Debes indicar un prompt para poder xerar esta imaxe:



Creación de logos con “Logo Maker”:



Simplemente, describimos o logo que queremos e con que características. Se o facemos en inglés, será máis preciso.



Animación de fotos. D-ID. (Necesita rexistro en D-ID, previamente).


Ferramenta moi interesante que permite animar unha foto (Crear un DeepStory). Só é necesaria a imaxe, poñer unha voz no idioma que desexemos e escribir o texto que desexemos que queira dicir a persoa da imaxe.

Unha vez creado o vídeo este pode pasar a Canva moi facilmente, arrastrando á escena o presentación que nos interese.



Xeración de avatares animados: Escollemos o avatar, pódmoslle voz e diálogo e xeramos un vídeo que se pasa automaticamente á escena de Canva.

Tradución automática dos meus traballos:



Podemos traducir ó instante o que nos interese, neste caso só se aplicou tradución á escena actual .



Intelixencia Artificial para a sociedade” de Fina Paulos – Óscar Rey está baixo unha [licencia Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional](#) .

